

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7705** *Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.*

I

Desde que na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, se iniciou o proceso de liberalización nas actividades de xeración e comercialización de enerxía eléctrica, o modelo do sector eléctrico en España articulouse sobre os principios de suficiencia de ingresos e percepción dunha remuneración adecuada polos distintos actores que participan nel.

A ratificación por España do Tratado da Carta Europea da Enerxía do 11 de decembro de 1997 e a continua incorporación ao noso dereito interno do ordenamento comunitario supuxo, pola súa parte, a asunción dos principios que os vertebran e, con isto, o fomento das enerxías renovables, a creación de condicións que favorezan a utilización da enerxía da forma máis económica e respectuosa co ambiente e o estímulo da eficiencia enerxética.

Xunto con estes principios que definen o modelo, a intervención pública a través da regulación ten por obxecto garantir a seguridade de fornecemento, asumindo que o funcionamento do mercado permite a sustentabilidade económica e financeira do sector eléctrico e que os distintos axentes intervenientes se deberán acomodar ás circunstancias específicas dun sector cambiante, se así for preciso, para garantir aquela.

Non obstante o anterior, desde hai unha década, o sistema eléctrico español xera un déficit tarifario que, co paso do tempo, se converteu en estrutural, debido a que os custos reais asociados ás actividades reguladas e ao funcionamento do sector eléctrico resultan superiores á recadación polas peaxes que fixa a Administración e que pagan os consumidores.

Entre os anos 2004 e 2012 os ingresos do sistema eléctrico por peaxes dos consumidores incrementáronse nun 122 por cento, mentres que o aumento dos custos regulados do sistema no dito período foi dun 197 por cento. De entre as partidas de custos que contribuíron en maior medida a este incremento destacan as primas do réxime especial e as anualidades de déficits acumulados, partidas que se multiplicaron por seis e por nove, respectivamente, no dito período.

Segundo os últimos datos dispoñibles da Comisión Nacional de Enerxía, nun saldo de débeda acumulada de 26.062,51 millóns de euros en 10 de maio de 2013. De forma complementaria ao cálculo da débeda do sistema eléctrico, a dita comisión sinala que desde o ano 2003 e ata o 10 de maio de 2013, o importe satisfeito para financiar o déficit do sistema eléctrico a través das anualidades que se incorporan nas peaxes de acceso dos consumidores, a prezos correntes de cada ano, ascende a 11.823 millóns de euros.

Estas cifras dan conta do carácter insostible do déficit do sector eléctrico e da necesidade de adoptar medidas urxentes de vixencia inmediata que permitan poñer fin a esta situación.

Partindo dos fundamentos que xustifican a intervención pública no sector, e con obxecto de corrixir os desaxustes producidos pola evolución expansiva das partidas de custos do sistema eléctrico, viñéronse adoptando nos últimos anos unha serie de medidas de carácter urxente que afectan tanto a partida de custos como a de ingresos.

Entre as citadas medidas cabe citar, en primeiro lugar, o Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, que estableceu unha serie de límites anuais decrecentes ao déficit da tarifa eléctrica co horizonte da súa supresión en 2013, creando, así mesmo, un mecanismo de financiamento do déficit acumulado, mediante a cesión dos dereitos de cobramento ao

denominado Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico (FADE) e a súa colocación a terceiros a través dun mecanismo competitivo.

Tras a aprobación do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, sucedéronse, non obstante, unha serie de circunstancias que provocaron que os límites anuais máximos de déficit ex ante establecidos resultasen insuficientes. Así, factores como a caída significativa da demanda, o incremento na produción eléctrica a partir de fontes renovables primadas e a redución dos prezos de mercado (en boa medida determinada pola delicada situación económica internacional) provocaron incrementos dos desaxustes temporais de difícil absorción. Estes desaxustes non se poderían ter cuberto mediante un incremento das peaxes de acceso sen agravar e comprometer a xa de por si complexa situación económica das familias e as empresas e sen afectar, por isto, de forma moi transcendente o conxunto da actividade económica.

Por este motivo, tanto no Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, como no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, adoptáronse novas medidas de urxencia para a solución do problema.

Así, no citado Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, eleváronse os límites máximos de déficit que se estableceran no Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, para os anos 2010, 2011 e 2012, mantendo o obxectivo de non aparición de novo déficit no sistema eléctrico a partir de 2013. Ademais, procedeuse á adopción doutras medidas puntuais de protección ao consumidor e de redución de determinadas partidas dos custos e dos ingresos do sistema.

Entre as medidas de redución de custos imputables ás peaxes de acceso, limitábanse as horas equivalentes primadas de funcionamento das instalacións fotovoltaicas para corrixir os desvíos nas previsións de xeración desta tecnoloxía e incrementábase, modificando para tal fin a Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, a contía establecida para o outorgamento do aval do Estado para facer fronte aos déficits previstos para os anos 2010 e 2011, ata un máximo de 22.000 millóns de euros.

Polo lado dos ingresos, estableceuse a obrigaçión dos produtores de enerxía de faceren fronte a unha peaxe de xeración, dada a incidencia desta actividade no desenvolvemento das redes de transporte e distribución.

De igual modo, durante o ano 2012 e ata a data adoptáronse novas medidas de carácter urxente co idéntico propósito de facer fronte ás desviacións que, polo agravamento dos factores xa aludidos, se foron poñendo de manifesto en relación coas estimacións iniciais.

Entre as medidas adoptadas en 2012 destacan, en primeiro lugar, o Real decreto lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos, que suprimiu os incentivos para a construción das instalacións de tecnoloxías de réxime especial, co fin de evitar a incorporación de novos custos ao sistema eléctrico.

Tras isto, o Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, desde a perspectiva da redución dos custos do sector eléctrico, fixa uns novos criterios para a regulación da retribución das actividades de distribución e transporte axustando a retribución correspondente a 2012, limitando, ao tempo, a execución de novas instalacións de transporte, tanto no sector eléctrico como no gasista, e diminuíndo o importe que se debe satisfacer ás empresas de xeración de electricidade polo concepto de «garantía de potencia», entre outros.

De igual forma, corríxe a retribución da actividade de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares a través do custo que se recoñece pola adquisición de combustible e vincula o pagamento por garantía de potencia á dispoñibilidade real das plantas.

Na mesma liña, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, incorpora outras medidas adicionais relativas ao réxime retributivo das centrais de xeración en réxime ordinario nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, establece como obrigatoria a imposición dun suplemento territorial nas peaxes de acceso e tarifas de último recurso para as comunidades autónomas que gravan as actividades ou instalacións destinadas ao fornecemento eléctrico con tributos propios ou recargas sobre os tributos estatais e modifica, ademais, a retribución da actividade de transporte, establecendo que a retribución en concepto de investimento se recoñecerá para activos en servizo non amortizados, tomando como base para a súa retribución financeira o valor neto destes.

No plano dos ingresos, aprobouse a Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, que recoñece como obxectivo a harmonización do sistema fiscal cun uso máis eficiente e respectuoso co ambiente e a sustentabilidade, en liña cos principios básicos que rexen a política fiscal, enerxética e ambiental da Unión Europea. Dado o forte impacto económico e ambiental do sector enerxético, esta lei introduciu medidas de carácter excepcional para que os custos do sistema fosen financiados tanto cos ingresos que proceden das peaxes de acceso e demais prezos regulados como de determinadas partidas provenientes dos orzamentos xerais do Estado.

Para tal efecto, introdúcese no sistema tributario novas figuras impositivas e recoñécese expresamente que un importe equivalente da recadación se destinará a cubrir determinados custos do sistema eléctrico. En primeiro lugar, regúlanse tres novos impostos sobre o valor da produción da enerxía eléctrica, sobre a produción de combustible nuclear gastado e residuos radioactivos resultantes da xeración de enerxía nucleoelectrónica e sobre o almacenamento de combustible nuclear gastado e residuos radioactivos en instalacións centralizadas. Por outro lado, créase un canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica e modifícanse os tipos impositivos dos impostos especiais establecidos para o gas e o carbón, e suprimíense ademais as exencións previstas para determinados produtos enerxéticos utilizados na produción de enerxía eléctrica e na coxeración de electricidade e calor útil. Por último, modifícase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, en aspectos relacionados co dereito á percepción dun réxime económico primado por instalacións de enerxía renovable que utilicen combustibles.

As modificacións contidas nas normas anteriormente mencionadas permitiron reducir determinados custos do sistema e incrementar os ingresos ao combinar actuacións de carácter regulatorio e fiscal.

Pola súa parte, a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, establece tres medidas de carácter excepcional. En primeiro lugar, suspéndese, o mesmo que no exercicio precedente, a aplicación do mecanismo de compensación dos extracustos da xeración en territorios insulares e extrapeninsulares con cargo aos orzamentos xerais do Estado. En segundo lugar, con vixencia exclusiva para 2013, a lei dispón que non serán de aplicación as limitacións a avais do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico establecidos na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, relativa á suficiencia das peaxes de acceso e desaxustes de ingresos das actividades reguladas do sector eléctrico. En terceiro lugar, establece unha serie de achegas para financiar os custos do sistema eléctrico referidos ao fomento de enerxías renovables, equivalentes á suma da estimación da recadación anual correspondente ao Estado derivada dos tributos incluídos na Lei de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética e o 90 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cun máximo de 450 millóns de euros.

Tamén o Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial para empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social, dispuxo que os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico producidos en 2012 tivesen a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para ese ano e que xeraría dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, e isto con carácter adicional aos 1.500 millóns de euros de déficit xa recoñecido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Por outro lado, para garantir o obxectivo final para o cal foi establecido o mecanismo de preasignación de retribución para as instalacións de réxime especial, isto é, asegurar un réxime económico baixo o presuposto e condición da completa execución da instalación nun concreto prazo, introduciuse unha habilitación para a supresión ou corrección do réxime económico primado en caso de constatación do incumprimento das obrigacións que constitúen presuposto esencial da definitiva adquisición de tal réxime económico.

Do mesmo modo, o Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro, introduciu novas medidas para corrixir os desaxustes entre os custos do sector eléctrico e os ingresos obtidos a partir dos prezos regulados, para tratar de evitar a asunción dun novo esforzo por parte dos consumidores. Para isto, modificouse o índice de actualización dos custos do sector eléctrico co fin de utilizar unha referencia máis estable que non se vise afectada pola volatilidade dos prezos de alimentos non elaborados nin dos combustibles de uso doméstico. Así, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2013, a referencia ao índice de prezos de consumo prevista na normativa do sector para actualizar as retribucións, tarifas e primas substitúese pola referencia ao índice de prezos de consumo a impostos constantes sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos (IPC-IC subxacente).

O Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro, modificou, ademais, o Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, con obxecto de garantir unha rendibilidade razoable para estas instalacións e evitar, ao mesmo tempo, unha sobrerretribución delas que recaería sobre os demais suxeitos eléctricos. Por este motivo, a partir da entrada en vigor do real decreto lei son dúas as opcións de venda da enerxía producida en instalacións de réxime especial: a cesión da electricidade ao sistema percibindo unha tarifa regulada ou a venda da electricidade no mercado de produción de enerxía eléctrica sen complemento de prima.

O 20 de xuño de 2013 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou a Lei pola que se establece o financiamento con cargo aos orzamentos xerais do Estado de determinados custos do sistema eléctrico, ocasionados polos incentivos económicos para o fomento á produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxías renovables e se concede un crédito extraordinario por importe de 2.200.000.000 euros no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Adicionalmente a este axuste dos custos adoptáronse outras normas que supuxeron un incremento das peaxes de acceso para os consumidores e, por conseguinte, dos ingresos do sistema eléctrico.

Como se pode comprobar, as medidas adoptadas durante estes pasados meses proxectáronse de forma proporcional e equilibrada sobre os diferentes suxeitos do sector eléctrico en termos que, cos elementos de xuízo dispoñibles ao se iniciar o ano 2013, parecían permitir alcanzar o obxectivo de suficiencia tarifaria a principios deste ano 2013, grazas ao esforzo soportado polos consumidores e empresas que operan no sector e ás partidas orzamentarias destinadas para o efecto.

Por esta razón, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no exercicio orzamentario que supón a elaboración da Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2013 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, procedeu a manter o prezo das peaxes de acceso ás redes ao

considerar que os ingresos serían suficientes para cubrir os custos do sistema no ano 2013.

Non obstante, durante o primeiro semestre de 2013 producíronse unha serie de feitos que variaron as hipóteses sobre as cales se realizaron as estimacións a principios de ano, o que traerá como consecuencia a aparición de novos desaxustes ao final do exercicio se non se toman medidas de urxencia para corrixir a situación.

Estas desviacións veñen motivadas polo feito de que nos primeiros meses do ano 2013 aconteceron unhas condicións meteorolóxicas atípicas e o nivel de pluviometría e as condicións de vento foron moi superiores ás medias históricas.

Estas condicións provocaron un dobre efecto. Por un lado, ocasionaron o afundimento do prezo do mercado diario ata un nivel mínimo de 18,17 €/MWh de media no mes de abril, dando como resultado un prezo medio nos seis primeiros meses de 2013 que non alcanza os 37 €/MWh, moi inferior aos 51,19 €/MWh previstos para o conxunto do ano. Por outro lado, produciuse un incremento das horas de funcionamento de determinadas tecnoloxías, e en particular da eólica con dereito a réxime primado. Todo isto determinou unha notable desviación á alza do sobrecusto do réxime especial como consecuencia dos menores prezos do mercado rexistrados.

Ademais, por efecto da redución da actividade económica e a afección da crise económica sobre as economías domésticas, produciuse unha contracción da demanda máis acusada do previsto. Así, o balance eléctrico publicado por Red Eléctrica de España, S.A. como operador do sistema, mostra o 5 de xullo de 2013 unha diminución da demanda de 2,7 por cento no que vai de ano 2013, e unha caída dun 2,3 por cento no último ano móbil fronte a unha caída estimada do 0,3 por cento considerada na Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro. Este feito ten un impacto negativo derivado da redución dos ingresos por peaxes de acceso de enerxía eléctrica.

Por outra parte, no procedemento de elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2014 o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas puxo de relevo a imposibilidade do completo cumprimento da disposición adicional primeira do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas para o sector enerxético e se aproba o bono social. Esta disposición establece que as compensacións polos extracustos de xeración dos sistemas insulares e extrapeninsulares serán financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. O motivo é a difícil situación orzamentaria, a cal non permite dotar, na súa totalidade, este extracusto sen comprometer o cumprimento dos obxectivos de déficit fixados para o exercicio 2014.

Estas circunstancias fan patente tanto a necesidade imperiosa de adoptar de forma inmediata unha serie de medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico como, tamén, a pertinencia de acometer unha revisión do marco regulatorio que permita a súa adaptación aos acontecementos que definen a realidade do sector en cada período determinado para o mantemento da sustentabilidade do sistema eléctrico.

A todo isto únese que no Programa nacional de reformas, presentado polo Goberno de España á Comisión Europea o pasado 30 de abril de 2013, se contiña o compromiso do Goberno de presentar, no primeiro semestre deste ano, un paquete de medidas normativas con vistas a garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.

Con base nestes principios, e en liña coas modificacións anteriormente referidas, o presente real decreto lei articula, con carácter urxente, unha serie de medidas equilibradas, proporcionadas e de amplo alcance, destinadas a garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico como presuposto ineludible da súa sustentabilidade económica e da seguridade de fornecemento, e dirixidas a todas as actividades do sector eléctrico.

## II

En primeiro lugar, habilítase o Goberno para aprobar un novo réxime xurídico e económico para as instalacións de produción de enerxía eléctrica existentes a partir de fontes de enerxía renovable, coxeración e residuos. Así, modifícase o artigo 30.4 da Lei

54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para introducir os principios concretos sobre os cales se articulará o dito réxime, co obxecto de limitar a marxe de actuación do Goberno no desenvolvemento dos réximes retributivos para estas instalacións. Este basearase na percepción dos ingresos derivados da participación no mercado, cunha retribución adicional que, en caso de resultar necesario, cubra aqueles custos de investimento que unha empresa eficiente e ben xestionada non recupere no mercado. Neste sentido, conforme a xurisprudencia comunitaria, entenderase por empresa eficiente e ben xestionada aquela empresa dotada dos medios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade, cuxos custos son os dunha empresa eficiente na dita actividade e considerando os ingresos correspondentes e un beneficio razoable pola realización das súas funcións. O obxectivo é garantir que non se tomen como referencia os elevados custos dunha empresa ineficiente.

Desta maneira preténdese a cobertura dos custos adicionais destas instalacións respecto das do resto de tecnoloxías no mercado.

Este marco articulará unha retribución que permitirá ás instalacións renovables, ás de coxeración e residuos cubriren os custos necesarios para competir no mercado en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías e obter unha rendibilidade razoable.

Para o cálculo da retribución específica, consideraranse para unha instalación tipo os ingresos pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción, os custos de explotación medios necesarios para realizar a actividade e o valor do investimento inicial da instalación tipo; todo isto para unha empresa eficiente e ben xestionada. Desta maneira instáurase un réxime retributivo sobre parámetros estándar en función das distintas instalacións tipo que se establezan.

Ademais, dispónse que en ningún caso se terán en consideración os custos ou investimentos que veñan determinados por normas ou actos administrativos que non sexan de aplicación en todo o territorio español e que, en todo caso, os custos e investimentos deberán responder exclusivamente á actividade de produción de enerxía eléctrica.

Desta maneira, realízase unha asignación equilibrada dos custos imputables ao sistema eléctrico, aos consumidores eléctricos e aos contribuíntes, na medida en que parte deses custos se financian con cargo ao orzamento xeral do Estado.

Así mesmo, concrétase na Lei 54/1997, do 27 de novembro, a plasmación normativa do concepto de rendibilidade razoable, establecéndoo, en liña coa doutrina xurisprudencial sobre o particular creada nos últimos anos, nunha rendibilidade de proxecto que xirará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado.

Este novo marco regulatorio dá unha resposta global ao relevante cambio das circunstancias experimentado nos últimos anos, en termos que obedecen a motivos máis que xustificados. Os investimentos nestas tecnoloxías seguen estando protexidos e vense debidamente fomentados en España por este novo marco normativo, que, sen dúbida, é no seu conxunto favorable para todos eles, entre outras razóns por consagrar o criterio de revisión dos parámetros retributivos cada seis anos co fin de manter o principio de rendibilidade razoable recoñecido legalmente. Deste modo, trátase de consolidar a continua adaptación que a regulación experimentou para manter esta rendibilidade razoable mediante un sistema previsible e sometido a concreción temporal.

Para articular este novo réxime procédese á derogación do artigo 4 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social; do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, e do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía. Non obstante, co obxecto de manter tanto os fluxos retributivos ás instalacións como o resto de procedementos, dereitos e obrigacións, dispónse que o previsto nas

normas citadas se aplicará, salvo certos aspectos, con carácter transitorio mentres non sexa aprobada a nova regulación.

Desta forma, as instalacións serán obxecto, se é o caso, dunha liquidación á conta ao abeiro deste réxime transitorio e posteriormente, unha vez que se aproben as disposicións normativas necesarias para a aplicación do novo réxime económico, someteranse á regularización correspondente polos dereitos de cobramento ou obrigacións de pagamento resultantes da aplicación da nova metodoloxía, con efectos desde a entrada en vigor do presente real decreto lei.

Por conseguinte, aínda que se fixa a efectividade das disposicións normativas retributivas que se aproben con efectos desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, a norma outorga a necesaria previsibilidade aos axentes por canto establece o mecanismo retributivo, con participación no mercado e percepción dunha retribución do investimento, e determina, ademais, a taxa de rendibilidade razoable para a instalación tipo.

Por outra parte, para aquelas instalacións que no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei tivesen dereito ao réxime económico primado, determínase unha rendibilidade, antes de impostos, que xirará sobre o rendemento medio dos últimos dez anos das obrigacións do Estado a dez anos, no mercado secundario, incrementada en 300 puntos básicos, e que en todo caso poderá ser revisada aos seis anos.

En segundo lugar, establécense unha serie de medidas de carácter urxente en relación co réxime retributivo das actividades de distribución e transporte.

A metodoloxía de cálculo da retribución da actividade de distribución encóntrase actualmente regulada no Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica. Este réxime viuse modificado polo Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo. Así, o seu artigo 5 establece que para a actividade de distribución o ministro de Industria, Enerxía e Turismo elevará ao Goberno, para a súa aprobación, unha proposta de real decreto que vincule a retribución por investimento das instalacións aos activos en servizo non amortizados, así como que a devindicación e o cobramento da retribución xerada polas instalacións se inicie desde o 1 de xaneiro do ano  $n+2$ , sendo  $n$  o ano de posta en servizo da instalación.

Adicionalmente, no Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro, determinouse, respectivamente, o criterio de devindicación da retribución antes citado e que en todas as metodoloxías que conteñan actualizacións vinculadas ao índice de prezos de consumo deberá substituírse este índice polo índice de prezos de consumo a impostos constantes sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.

Por tanto, a aprobación da Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2013 e as tarifas e primas do réxime especial, fíxose ao abeiro do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, pero condicionado aos principios do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, e do Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro.

En canto á metodoloxía de cálculo e revisión da retribución da actividade de transporte, esta encóntrase regulada no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e no Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro, polo que se establece a retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica para instalacións postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2008. Este réxime retributivo viuse modificado igualmente polos xa sinalados Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, e Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro, e polo Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

No artigo 6 do citado Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, dispónse que para a actividade de transporte o ministro de Industria, Enerxía e Turismo elevará ao Goberno, para a súa aprobación, unha proposta de real decreto co mesmo criterio de devindicación e cobramento da retribución que na actividade de distribución. Así mesmo, no artigo 39 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, introdúcese, como criterio para a actividade

de transporte, que a retribución en concepto de investimento se fará para aqueles activos en servizo non amortizados tomando como base, para a súa retribución financeira, o seu valor neto.

Así pois, o mesmo que no caso da actividade de distribución, encontrámonos con que no momento de elaboración da Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, a normativa que regulaba a metodoloxía de cálculo da retribución da actividade de transporte era o Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, e o Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro, aínda que a súa aplicación se vía igualmente sometida aos principios sinalados no Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, e no Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro.

Por conseguinte, no presente real decreto lei modifícase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, co fin de introducir unha serie de principios retributivos adicionais para o transporte e distribución de enerxía eléctrica. En primeiro lugar, sinalase que nas metodoloxías de retribución destas actividades se considerarán os custos necesarios para que realice a actividade unha empresa eficiente e ben xestionada, mediante a aplicación de criterios homoxéneos en todo o territorio español. En segundo lugar, afirmase que estes réximes económicos permitirán unha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco, posto que as actividades de rede non están expostas directamente aos riscos propios do mercado de produción e porque, con independencia da situación da demanda, os réximes retributivos outorgan para as instalacións en servizo unha retribución durante a vida útil regulatoria desta, sempre que esta se manteña operativa. En aplicación deste último principio establécese unha taxa de retribución dos activos ligada ás obrigacións do Estado máis un diferencial.

Non obstante, ao aprobarse este real decreto lei vencido o primeiro semestre do ano, optouse por atribuír carácter definitivo á parte proporcional da retribución recollida na Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, ata a entrada en vigor deste real decreto lei. Así mesmo, a partir da dita data establécese unha metodoloxía transitoria que rexerá ata que se inicie o primeiro período regulatorio ao abeiro dos reais decretos de retribución previstos nos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo. Todo isto garantirá a aplicación dunha taxa adecuada de retribución anual en liña co establecido con carácter xeral.

As medidas relativas á modificación do réxime retributivo para as instalacións de réxime especial e para as actividades de transporte e distribución adóptanse con carácter de urxencia pola necesidade de reducir os custos do sistema con carácter inmediato co obxecto de iniciar a corrección dos desaxustes neste momento, evitando así que a fins de ano poida existir un novo desaxuste entre os ingresos e custos do sistema.

Por outro lado, o artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, sinala que as actividades para o fornecemento de enerxía eléctrica que se desenvolvan nos territorios insulares e extrapeninsulares serán obxecto dunha regulamentación singular que atenderá ás especificidades derivadas da súa localización territorial.

Pola súa banda, o Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro, polo que se establece a retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica para instalacións postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2008, establece que os estándares serían únicos para todo o territorio nacional, o que supón que, ou ben se inclúe este sobrecusto no cálculo dos estándares nacionais, ou ben se crean uns estándares específicos para os sistemas insulares ou extrapeninsulares.

Co fin de asignar os custos correctamente e non crear uns estándares distorsionados, optouse por determinar uns estándares específicos para os sistemas insulares ou extrapeninsulares, para o cal resulta necesario modificar varias disposicións do Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro.

A urxencia para realizar esta modificación deriva de que as retribucións dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011 non se poden establecer como definitivas ata a aprobación por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo dos valores unitarios de investimento e de operación e mantemento para os sistemas insulares e extrapeninsulares, o que



impediu que as liquidacións definitivas dos ditos anos puidesen ser aprobadas, situación cuxa persistencia por máis tempo resulta inasumible.

## III

En terceiro lugar, establécese un conxunto de medidas en relación co Fondo para a Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.

O Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección no Sistema especial para empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social, na súa disposición derradeira cuarta modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, establecendo que o déficit adicional que se produza en 2012, máis alá do límite ex ante, xerará dereitos de cobramento que, pola súa vez, poderán ser cedidos polas empresas eléctricas ao Fondo para a Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico (FADE). En 2012, a liquidación das actividades reguladas tivo como resultado un valor de 5.609 millóns de euros correspondente ao déficit do dito ano, polo que o déficit adicional do período ascende a 4.109 millóns de euros.

O fondo FADE financia a adquisición dos dereitos de cobramento que lle son cedidos mediante emisións avaladas pola Administración xeral do Estado. O aval outorgado a FADE, de 22.000 millóns de euros de saldo vivo, non recollía as necesidades adicionais de financiamento derivadas da posibilidade de cesión a FADE de dereitos de cobramento adicionais por importe de 4.109 millóns de euros. Tendo en conta o remanente de aval dispoñible de FADE de acordo coa correspondente orde de outorgamento, sería necesario outorgar aval por un importe adicional de 4.000 millóns de euros para dispoñer de marxe suficiente para cubrir as necesidades de emisión adicionais e os refinanciamentos previstos durante a vida de FADE.

De conformidade co artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o outorgamento de avais do Estado require autorización previa por norma con rango de lei que incluía o importe máximo de aval que se debe outorgar, o seu beneficiario e o prazo máximo para outorgar o aval.

Por tanto, resulta necesario e urxente modificar o artigo 54 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, co obxecto de incrementar o límite total de avais da Administración xeral do Estado que se outorgarán no exercicio en curso por importe dos 4.000 millóns que se consideran necesarios e incluír, así mesmo, unha reserva específica de límite de aval para tal finalidade no número 2 do mesmo artigo.

En cuarto lugar, prevese unha disposición adicional relativa ao financiamento con cargo a orzamentos xerais do Estado unicamente de parte do extracusto de xeración eléctrica dos sistemas insulares e peninsulares.

Así, e como se expuxo anteriormente, a imposibilidade de que os orzamentos xerais do Estado para 2014 poidan asumir a totalidade das cantidades correspondentes a 2013 polo extracusto dos sistemas insulares e peninsulares, obriga con carácter de urxencia, por unha banda, a derogar a disposición adicional primeira do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, e, por outra, a establecer o financiamento con cargo aos orzamentos xerais do Estado unicamente no 50 por cento do extracusto de xeración no réxime insular e extrapeninsular. Así, o extracusto correspondente a 2013 será incorporado na Lei de orzamentos xerais do ano 2014.

## IV

En quinto lugar, neste real decreto lei establécense determinadas medidas en relación cos pagamentos por capacidade.

Os pagamentos por capacidade inclúen dous tipos de servizos: o incentivo ao investimento en capacidade a longo prazo e o servizo de dispoñibilidade a medio prazo.

O incentivo ao investimento en capacidade a longo prazo encóntrase regulado na Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007, e ten por obxecto retribuír o investimento en nova capacidade,

necesaria para asegurar a cobertura da demanda no longo prazo. Este mecanismo incentiva a posta á disposición do operador do sistema de determinada potencia instalada que se acredita mediante a acta de posta en marcha da instalación de xeración.

O Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, revisou, con carácter excepcional para o ano 2012, as retribucións do incentivo ao investimento a longo prazo previsto na Orde ITC/2794/2007, do 27 de decembro, fixándoo en 23.400 €/MW/ano. No contexto actual, en que a demanda de enerxía eléctrica experimenta unha intensa redución e onde existe un mínimo risco de déficit de capacidade instalada, considérase urxente ampliar a redución do dito incentivo, fixándoo en 10.000 €/MW/ano, e acompañar esta medida dun alongamento no prazo que resta para a súa percepción a aquelas instalacións con dereito ao cobramento no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei.

Así mesmo, suprímese a aplicación do mencionado incentivo regulado na Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, para as novas instalacións de produción, salvo para aquelas que obteñan a acta de posta en servizo definitiva con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Adicionalmente, con carácter inmediato adiántanse dúas medidas en relación coas instalacións do réxime especial co obxecto de evitar calquera afección ao modo de funcionamento das instalacións que non se poida corrixir unha vez que se aprobe a nova metodoloxía. Así, procédese, por unha banda, á supresión do complemento por eficiencia para as instalacións que o estivesen percibindo de acordo co artigo 28 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, e, por outro lado, á supresión da bonificación por enerxía reactiva prevista no artigo 29 do citado real decreto. Nas circunstancias actuais resulta imprescindible e urxente, como xa se explicou, reducir os custos do sistema. Ademais, estas medidas non afectan a rendibilidade das instalacións, xa que non foron tidas en conta para a determinación do réxime económico.

#### V

No presente real decreto lei acométese, igualmente, a modificación do réxime de asunción do custo do bono social.

É ben sabido que a Sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo do 7 de febreiro de 2012, pola cal se estimou o recurso ordinario 419/2010, declarou inaplicables, por unha parte, o artigo 2.5 e o último parágrafo da disposición transitoria segunda do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, relativos ambos á asunción do custo do bono social por parte de determinadas empresas do sector; e, por outra, a disposición adicional segunda da Orde ITC/1723/2009, do 26 de xuño, pola que se revisan as peaxes de acceso a partir do 1 de xullo de 2009 e as tarifas e primas de determinadas instalacións de réxime especial, na cal se desenvolve o mecanismo de financiamento do bono social, así como a disposición adicional terceira da citada orde, que recolle as tarifas de referencia para a súa aplicación.

Por este motivo, e co fin de dar cumprimento a esta sentenza e dar continuidade a esta medida de protección adicional do dereito ao fornecemento de electricidade no marco da Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, mediante a Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial, establecéronse o bono social como custo do sistema eléctrico e, por tanto, cuberto por todos os consumidores eléctricos, e as tarifas de referencia para a aplicación do bono social.

Non obstante, esta solución, que foi adoptada co fin de subvir de forma inmediata á nova situación determinada pola Sentenza do 7 de febreiro de 2012 e que comportaba, en esencia, a translación do custo do bono social ao conxunto dos consumidores, nunca tivo vocación de permanencia e revélase como especialmente inadecuada neste momento, dado o particular contexto de diminución de ingresos e incremento de custos a

que se aludiu con anterioridade, con grave risco de inmediata aparición de novos desaxustes de non se adoptaren con urxencia medidas correctoras.

Neste sentido, é certo que a Sentenza do 7 de febreiro de 2012, sen prexuízo de enunciar outras posibles modalidades de repartición do custo igualmente admisibles, sinalaba que correspondía ao Goberno elixir a que considerase máis adecuada, que podía optar «fronte a outras solucións presentes en dereito comparado, por que sexa o propio sector eléctrico o que se faga cargo da dita prestación social ou, mesmo, unha parte do dito sector».

Partindo deste feito, e co fin de contribuír á necesaria e urxente redución de custos do sistema, considérase necesario modificar o réxime de repartición do custo introducido pola Orde IET/843/2012, do 25 de abril, impoñendo, como obrigación de servizo público, a asunción do custo do bono social ás matrices das sociedades ou grupos de sociedades que realicen actividades de produción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica e que teñan o carácter de grupos verticalmente integrados.

En efecto, a imposición desta obrigación ás ditas matrices permite, aínda que sexa indirectamente, repartir a carga entre as principais actividades empresariais intervinientes no sector eléctrico. Certamente, quedaría con isto excluída de tal repartición a actividade de transporte, aínda que esta excepción se considera xustificada por tratarse dunha actividade regulada, desenvolvida en réxime de monopolio legal e exclusividade, xa que ao transportista único non lle resultaría posible, a diferenza do que ocorre coas citadas sociedades ou grupos de sociedades, recuperar do mercado o eventual custo que tivese que asumir no dito concepto, o que, ao final, viría neutralizar a finalidade perseguida con esta modificación.

Por outro lado, e en consonancia coas exigencias resultantes da Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, segundo a cal as obrigacións de servizo público se deben definir claramente, ser transparentes, non discriminatorias e controlables, establécese que, co fin de que a repartición sexa equitativa, a recíproca participación de cada unha das tales empresas ou grupos de empresas na asunción do custo sexa proporcional á porcentaxe que corresponda sobre unha contía calculada considerando tanto o número de fornecementos conectados ás redes de distribución como o número de clientes a que fornece a actividade de comercialización. De igual modo, para asegurar a permanente adecuación da repartición ás concretas circunstancias do sector e posibilitar o seu público coñecemento e eventual control, establécese que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia calculará anualmente, sen prexuízo da súa ulterior aprobación polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo, as porcentaxes de repartición aplicables e dará publicidade á información empregada para isto.

Adicionalmente, establécese que a caracterización do bono social será a que resulta da aplicación da Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se determina o procedemento de posta en marcha do bono social, e nas disposicións adicionais cuarta e quinta da Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial.

## VI

Este real decreto lei inclúe, así mesmo, determinadas medidas relativas á revisión das peaxes de acceso, á creación do rexistro de autoconsumo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Tamén se determina que o ministro de Industria, Enerxía e Turismo procederá a realizar unha revisión das peaxes de acceso de enerxía eléctrica. Esta medida adóptase con carácter de urxencia tendo en conta o impacto que ten o escenario xa descrito de caída de demanda de enerxía eléctrica máis acusada do previsto e en liña coas modificacións relativas ás diferentes partidas de custos do sistema contidas no presente real decreto lei.

Así mesmo, e mediante a modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, procédese á creación do Rexistro Administrativo de Réxime Retributivo Específico, necesario para o seguimento e a correcta aplicación do réxime económico ás instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con réxime retributivo específico cuxa competencia corresponde á Administración xeral do Estado en exclusiva e que debe ser independente do Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción onde se inclúen os datos relativos ás instalacións de produción cuxa autorización corresponde quer á Administración xeral do Estado quer ás administracións autonómicas.

Do mesmo modo, créase o Rexistro de Autoconsumo para o adecuado seguimento dos consumidores acollidos a modalidades de fornecemento con autoconsumo, necesario igualmente para o adecuado seguimento do seu réxime económico.

A creación destes rexistros lévase a cabo nesta norma por canto resultan imprescindibles para a aprobación dos reais decretos en que se aborde a regulación da actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos e a determinación das condicións aplicables a outras modalidades de fornecemento de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo, que se van tramitar con carácter inmediato.

En consecuencia, derrógase o artigo 4 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, relativos ambos á asunción do custo do bono social, sen prexuízo do réxime transitorio que se define neste real decreto lei.

Por outra parte, procédese con carácter urxente a clarificar algúns aspectos do réxime transitorio para coñecer da toma de participacións no sector enerxético prevista na disposición adicional novena da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, ata que se produza o efectivo traspaso de medios humanos, materiais e técnicos ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Esta norma transitoria non altera o novo réxime xurídico para esas comunicacións introducido pola citada lei.

Por canto a aprobación dalgunha das medidas restablecidas neste real decreto lei debe ir acompañada do correspondente desenvolvemento regulamentario das materias deste real decreto lei e da propia Lei 54/1997, do 27 de novembro, faise preciso establecer de forma expresa que os informes que se soliciten neste ámbito á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia se emitirán con carácter urxente, logo de consulta ao Consello Consultivo de Electricidade, no cal se substanciará o trámite de audiencia.

## VII

Finalmente, este real decreto lei modifica a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, en relación co imposto especial sobre o carbón.

A Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, modificou a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, incrementando o gravame aplicable ao carbón ata 0,65 euros por xigajoule. Non obstante, coa finalidade de manter a competitividade do sector industrial e poñer en condicións de igualdade os diferentes consumidores de carbón e gas natural para similares fins e usos, considérase necesario establecer un tipo reducido de 0,15 euros por xigajoule para o carbón destinado a usos con fins profesionais, sempre e cando non se utilice en procesos de xeración e coxeración eléctrica, e isto dentro do marco comunitario previsto pola Directiva 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, pola que se reestrutura o réxime comunitario da imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade.

Como consecuencia do anterior, e co obxecto de asegurar a diferenciación na imposición baseada nos diferentes fins, considérase conveniente precisar na Lei reguladora dos impostos especiais qué se entende por «carbón destinado a usos con fins profesionais».

Así mesmo, ante a imposibilidade de coñecer con exactitude, no momento de realizar o fornecemento de carbón a unha planta de coxeración de enerxía eléctrica e calor útil, a

carga tributaria que debe soportar o consumidor final e para axustar esta, na medida do posible, á realidade, fíxase unha porcentaxe de repartición provisional da cantidade de carbón sobre a cal se aplicarán os diferentes tipos impositivos regulados na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais. Por iso, cómpre, por unha banda, establecer a necesaria especialidade nas regras de repercusión do imposto, con respecto aos suxeitos pasivos que realizan estes fornecementos, e, por outra, recoller a obrigación de regularizar o importe das cotas repercutidas conforme a porcentaxe definitiva de destino do carbón.

Adicionalmente, tipifícase unha nova infracción pola comunicación incorrecta de datos aos suxeitos pasivos en relación cos fornecementos de carbón que se realicen con aplicación do tipo impositivo de 0,15 euros por xigajoule.

O perentorio da antedita equiparación entre os diferentes consumidores de carbón e gas natural fai que concorran as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade para adoptar esta medida.

Por todo o expresado anteriormente, na adopción do conxunto de medidas que se aproban a seguir concorren as exixencias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas polo artigo 86 da Constitución española do 27 de decembro de 1978. Extraordinaria e urxente necesidade derivadas das razóns xa mencionadas de protección aos consumidores nun contexto de crise económica, e garantía da sustentabilidade económica do sistema eléctrico, cuxa vixencia inmediata é imprescindible para que a modificación normativa poida ter a eficacia que se pretende.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo 1.** *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo punto no artigo 16 coa seguinte redacción:

«11. Nas metodoloxías retributivas das actividades de transporte e distribución consideraranse os custos necesarios para que realice a actividade unha empresa eficiente e ben xestionada, mediante a aplicación de criterios básicos que serán homoxéneos en todo o territorio español. Os réximes económicos das actividades de rede permitirán unha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco. Para tal efecto, a taxa de retribución financeira do activo con dereito a retribución por conta do sistema eléctrico das empresas de transporte e distribución estará referenciado ao rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario incrementado cun diferencial.»

Dous. Modifícase o artigo 30.4, que queda redactado como segue:

«4. Adicionalmente e nos termos que regulamentariamente por real decreto do Consello de Ministros se determine, á retribución pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado, as instalacións poderán percibir unha retribución específica composta por un termo por unidade de potencia instalada, que cubra, cando proceda, os custos de investimento dunha instalación tipo que non poden ser recuperados pola venda da enerxía e un termo á operación que cubra, se é o caso, a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos pola participación no mercado da dita instalación tipo.

Para o cálculo desta retribución específica consideraranse, para unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada:

- a) Os ingresos estándar pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción.
- b) Os custos estándar de explotación.
- c) O valor estándar do investimento inicial.

Para estes efectos, en ningún caso se terán en consideración os custos ou investimentos que veñan determinados por normas ou actos administrativos que non sexan de aplicación en todo o territorio español. Do mesmo modo, só se terán en conta aqueles custos e investimentos que respondan exclusivamente á actividade de produción de enerxía eléctrica.

Como consecuencia das singulares características dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, poderanse definir excepcionalmente instalacións tipo específicas para cada un deles.

Este réxime retributivo non excederá o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que lles permitan ás instalacións competir en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías no mercado e que possibiliten obter unha rendibilidade razoable por referencia á instalación tipo en cada caso aplicable. Non obstante o anterior, excepcionalmente o réxime retributivo poderá incorporar, ademais, un incentivo ao investimento e á execución en prazo determinado cando a súa instalación supoña unha redución significativa dos custos nos sistemas insulares e extrapeninsulares.

Esta rendibilidade razoable xirará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado.

Os parámetros do réxime retributivo poderán ser revisados cada seis anos.»

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 30.5, que queda redactado como segue:

«5. O Goberno, logo de consulta coas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, poderá determinar o dereito a unha retribución baseada nos principios previstos no número 4 para aquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica de coxeración ou que utilicen como enerxía primaria enerxías renovables non consumibles e non hidráulicas, biomasa, biocarburantes ou residuos agrícolas, gandeiros ou de servizos, mesmo cando as instalacións de produción de enerxía eléctrica teñan unha potencia instalada superior a 50 MW.»

Catro. Engádense os números 8 e 9 no artigo 30 coa seguinte redacción:

«8. Para os efectos desta lei entenderase como biomasa a fracción biodegradable dos produtos, refugallos e residuos de orixe biolóxica procedentes de actividades agrarias, incluídas as substancias de orixe vexetal e de orixe animal, da silvicultura e das industrias conexas, incluídas a pesca e a acuicultura, así como a fracción biodegradable dos residuos industriais e municipais.

9. Para o outorgamento e adecuado seguimento da retribución específica outorgada ás instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos créase, no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Rexistro de Réxime Retributivo Específico, que incluírá os parámetros retributivos aplicables ás ditas instalacións.

Regulamentariamente establecerase a súa organización, así como os procedementos e efectos da inscrición e cancelación no dito rexistro.

A inscrición da instalación no Rexistro de Réxime Retributivo Específico será requisito necesario para a aplicación á dita instalación do réxime retributivo específico.»

Cinco. Modifícase o número 4 da disposición adicional vixésimo primeira, que queda redactado como segue:

«4. Non obstante, para os anos 2009, 2010, 2011 e 2012 o déficit de ingresos previsto na disposición pola que se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes non será superior a 3.500 millóns de euros, 3.000 millóns de euros, 3.000 millóns de euros e 1.500 millóns de euros, respectivamente.

Así mesmo, os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico que se produzan en 2010, ata unha contía máxima de 2.500 millóns de euros, e en 2012, no importe de 4.109.213 miles de euros, terán a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2010 e 2012, respectivamente, que xerará dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, considerándose o importe para o ano 2012 como definitivo para efectos da cesión.»

Seis. Engádese unha disposición adicional vixésimo sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésima sétima. *Rexistro Administrativo de Autoconsumo de Enerxía Eléctrica.*

Para o adecuado seguimento dos consumidores acollidos ás modalidades de fornecemento de enerxía eléctrica previstas no artigo 9.g) desta lei e aqueles outros asociados a instalacións de produción que estean conectadas no interior da súa rede ou a través dunha liña directa créase, no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Rexistro Administrativo de Autoconsumo de Enerxía Eléctrica, que conterá a información relativa aos consumidores e ás súas instalacións asociadas.

Regulamentariamente establecerase a súa organización.»

**Artigo 2.** *Modificación da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.*

A Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, queda modificada como segue:

Un. O número un do artigo 54 queda redactado nos seguintes termos:

«Un. O importe máximo dos avais que outorgará a Administración xeral do Estado durante o exercicio do ano 2013 non poderá exceder os 165.043.560 miles de euros.»

Dous. Engádese unha alínea d) ao número dous do artigo 54 coa seguinte redacción:

«d) 4.000.000 miles de euros para garantir, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo primeira.9 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, as obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice o dito fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o seu activo.»

**Artigo 3.** *Retribución da actividade de distribución e de transporte de enerxía eléctrica desde o 1 de xaneiro de 2013 ata a entrada en vigor do presente real decreto lei.*

1. A retribución de cada empresa distribuidora, desde o 1 de xaneiro de 2013 ata a data de entrada en vigor do presente real decreto lei, será a parte proporcional ata a dita data da que figura nos artigos 2.2 e 2.3 da Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro. Esta retribución terá carácter de definitiva.

Non obstante o anterior, aquelas empresas que antes da entrada en vigor do presente real decreto lei tivesen solicitado revisión da retribución para o ano 2013 ao abeiro do recollido no anexo I da mencionada Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, ou como consecuencia de fusións e adquisicións de empresas distribuidoras ou de adquisicións de activos de distribución a outras empresas, poderán ver modificada a retribución do dito

primeiro período por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. A retribución de cada empresa titular de instalacións de transporte, desde o 1 de xaneiro de 2013 ata a data de entrada en vigor do presente real decreto lei, será a parte proporcional ata a dita data da que figura no artigo 1 da Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro. Esta retribución terá carácter de definitiva.

#### **Artigo 4.** *Método de retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.*

1. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará a retribución para cada unha das empresas distribuidoras para o período que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata o 31 de decembro de 2013, o cal se denominará segundo período de 2013.

Para tal efecto, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo remitirá inmediatamente á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para informe, unha proposta de retribución para cada unha das empresas que se calculará por aplicación da metodoloxía recollida no anexo I.

Sen prexuízo das cantidades que no seu momento se calculen e se aproben, correspondentes aos incentivos de calidade e redución de perdas, as retribucións á actividade de distribución calculadas de acordo coa dita metodoloxía terán carácter definitivo.

2. A retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro do ano 2014 ata que se inicie o primeiro período regulatorio ao abeiro do real decreto de retribución da actividade de distribución a que se fai referencia no artigo 5 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, calcularase de acordo coa metodoloxía recollida no anexo II do presente real decreto lei.

Sen prexuízo das cantidades que no seu momento se calculen e se aproben, correspondentes aos incentivos de calidade e redución de perdas, as retribucións á actividade de distribución calculadas de acordo coa dita metodoloxía terán carácter definitivo.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará a retribución para o dito período. Para tal efecto, antes do 1 de outubro de cada ano a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha proposta de retribución para cada unha das empresas distribuidoras.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá, xunto coa proposta de retribución para cada empresa sinalada no punto anterior, a de todos aqueles parámetros do anexo II que resultan necesarios para o cálculo desta.

3. No caso de que para unha empresa concreta non se dispoña dalgún dos datos necesarios para a determinación da súa retribución de acordo co previsto nos anexos I e II, para o seu cálculo empregaranse os valores medios representativos do sector.

#### **Artigo 5.** *Método de retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica.*

1. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará a retribución para cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte para o período que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata o 31 de decembro de 2013, o cal se denominará segundo período de 2013.

Para tal efecto, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo remitirá inmediatamente á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para informe, unha proposta de retribución para cada unha das empresas, que se calculará por aplicación da metodoloxía recollida no anexo III.

Sen prexuízo das cantidades que no seu momento se calculen e se aproben, correspondentes ao incentivo de dispoñibilidade e á retribución ao investimento e á



operación e mantemento asociada aos investimentos que se declaren como singulares e que se encontren en servizo antes do 31 de decembro de 2011, as retribucións á actividade de transporte calculadas de acordo coa dita metodoloxía terán carácter definitivo.

2. A retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro do ano 2014 ata que se inicie o primeiro período regulatorio ao abeiro do real decreto de retribución da actividade de transporte a que se fai referencia no artigo 6 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, calcularase de acordo coa metodoloxía recollida no anexo IV do presente real decreto lei.

Sen prexuízo das cantidades que no seu momento se calculen, relativas ao incentivo de dispoñibilidade da rede de transporte, as retribucións calculadas de acordo coa dita metodoloxía terán carácter definitivo.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará a retribución para o dito período. Para tal efecto, antes do 1 de outubro de cada ano a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha proposta de retribución para cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá, xunto coa proposta de retribución para cada empresa sinalada no punto anterior, a de todos aqueles parámetros do anexo IV que resultan necesarios para o cálculo desta.

3. No caso de que para unha empresa concreta non se dispoña dalgún dos datos necesarios para a determinación da súa retribución de acordo co previsto nos anexos III e IV, para o seu cálculo empregaranse os valores medios representativos do sector.

**Artigo 6.** *Taxa de retribución durante a vixencia dos métodos retributivos das actividades de rede previstos neste real decreto lei.*

1. Con efectos na retribución que se percibirá desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, durante o período en que sexan de aplicación os artigos 4 e 5 deste real decreto lei a taxa de retribución do activo con dereito a retribución por conta do sistema eléctrico de transporte e distribución de enerxía eléctrica será a media do rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario dos tres meses anteriores á entrada en vigor da norma incrementada cun diferencial.

2. Para o cálculo das retribucións de transporte e distribución no segundo período de 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata o 31 de decembro de 2013, na taxa de retribución financeira sinalada no punto anterior o diferencial tomará un valor de 100 puntos básicos.

3. Para o cálculo da retribución que se percibirá a partir do 1 de xaneiro do ano 2014 e anos sucesivos en que sexan de aplicación os artigos 4.2 e 5.2 do presente real decreto lei, na taxa de retribución financeira sinalada no ordinal primeiro o diferencial tomará un valor de 200 puntos básicos.

**Artigo 7.** *Incentivo ao investimento.*

1. Fíxase en 10.000 €/MW/ano a contía correspondente ao incentivo ao investimento en capacidade a longo prazo para as instalacións de produción conforme o establecido no anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007.

2. Para aquelas instalacións que tivesen dereito ao dito incentivo no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei, o período durante o cal terán dereito a percibir a contía será o dobre do prazo que lles reste para cubrir o período de dez anos a que se refire o anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007, e calcularase tomando como data de inicio a data de entrada en vigor do presente real decreto lei, de acordo coa seguinte fórmula:

$\text{Prazo de cobramento} = (\text{DatFin} - \text{DatInicio}) * 2$

Sendo:

Prazo de cobramento: prazo con dereito á percepción da retribución do servizo de capacidade a longo prazo, expresado en días, a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei.

DatFin: data de finalización do período de 10 anos de cada instalación establecida de acordo co disposto no anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro.

DatInicio: data de entrada en vigor do presente real decreto lei.

3. As instalacións de produción que no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei non estean inscritas con carácter definitivo na sección primeira do Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo non terán dereito ao referido incentivo ao abeiro da Orde ITC/2794/2007, do 27 de decembro, salvo que contén con acta de posta en servizo definitiva con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, caso en que poderán ter dereito a percibir unha contía de 10.000 €/MW/ano durante un período de vinte anos.

#### **Artigo 8.** *Repartición do custo do bono social.*

1. O custo do bono social será asumido polas matrices dos grupos de sociedades ou, se for o caso, sociedades, que desenvolvan simultaneamente as actividades de produción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica.

2. A porcentaxe de repartición das cantidades que se van financiar calcularase para cada grupo empresarial como a relación entre un termo que será a suma das medias anuais do número de fornecementos conectados ás redes de distribución das empresas distribuidoras e do número de clientes das empresas comercializadoras en que participe o grupo, e outro termo que corresponderá á suma de todos os valores medios anuais de fornecementos e clientes de todos os grupos empresariais que deben ser considerados para os efectos desta repartición.

Esta porcentaxe de repartición será calculada anualmente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Para estes efectos, a referida comisión publicará na súa páxina web, no mes de novembro de cada ano, a información relativa ás medias anuais do número de fornecementos conectados ás redes de distribución das empresas distribuidoras e do número de clientes das empresas comercializadoras, así como a relación de grupos de sociedades ou, se for o caso, sociedades, que cumpran o requisito previsto no número 1.

A citada comisión remitirá, antes do 1 de decembro de cada ano, unha proposta de fixación das porcentaxes de repartición que corresponderán a cada unha das sociedades matrices, e corresponderá ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo a súa aprobación por orde que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

As achegas que deba realizar cada unha das ditas sociedades depositaranse nunha conta específica en réxime de depósito creada para o efecto polo organismo liquidador, que será responsable da súa xestión.

3. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse modificar o procedemento e condicións en que se realizarán as achegas que correspondan a cada unha das empresas.

#### **Artigo 9.** *Revisión de prezos das peaxes de acceso de enerxía eléctrica.*

Excepcionalmente, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá revisar os prezos dos termos de potencia e dos termos de enerxía activa das peaxes de acceso cunha periodicidade máxima trimestral, cando se produzan circunstancias que afecten de modo relevante os custos regulados ou os parámetros utilizados para o seu cálculo.

**Disposición adicional primeira.** *Rendibilidade razoable das instalacións de produción con dereito a réxime económico primado.*

Para os efectos do previsto no penúltimo parágrafo do artigo 30.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, para as instalacións que na data da entrada en vigor do presente real decreto lei teñan dereito a un réxime económico primado, a rendibilidade razoable xirará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario dos dez anos anteriores á entrada en vigor do presente real decreto lei das obrigacións do Estado a dez anos incrementada en 300 puntos básicos. Todo isto sen prexuízo da revisión prevista no último parágrafo do citado artigo.

**Disposición adicional segunda.** *Carácter urxente dos informes.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia emitirá con carácter urxente, logo de consulta ao Consello Consultivo de Electricidade, os informes que lle sexan requiridos polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no desenvolvemento das materias deste real decreto lei e da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no prazo máximo de 15 días. Este prazo será de sete días no suposto previsto na disposición derradeira cuarta.

O carácter urxente deberá constar de forma expresa no escrito de petición de informe.

**Disposición adicional terceira.** *Competencia para coñecer da toma de participacións no sector enerxético.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será competente para coñecer das operacións de toma de participacións no sector enerxético de acordo co establecido na disposición adicional novena da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ata que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo dispoña dos medios necesarios para exercer a competencia de forma efectiva de conformidade co previsto nas disposicións transitorias terceira e cuarta da referida lei.

Mediante orde do titular do Ministerio de Presidencia, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo, de Economía e Competitividade, e de Facenda e Administracións Públicas determinarase a data a partir da cal o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo asumirá o exercicio desta competencia, así como das demais que lle atribúe a Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Ata esa data as comunicacións que con tal obxecto se deban realizar dirixiranse á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, á cal lle corresponderá resolver sobre estas operacións de toma de participacións nos termos establecidos na citada disposición adicional novena da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e na restante normativa de aplicación.

2. A competencia para sancionar o incumprimento do deber de comunicación ou das condicións e obrigacións impostas ás sociedades suxeitas a operacións comunicadas corresponderalles á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Administración xeral do Estado a partir da data en que produza efectos a orde prevista no punto anterior.

3. Os procedementos en curso iniciados con posterioridade á entrada en vigor da Lei 3/2013, do 4 de xuño, tramitaranse e resolveranse de acordo co establecido nesta disposición.

**Disposición adicional cuarta.** *Financiamento do extracusto de xeración nos territorios insulares e extrapeninsulares.*

Os extracustos derivados das actividades de produción de enerxía eléctrica, cando se desenvolvan en territorios insulares e extrapeninsulares de acordo co disposto no artigo 12.3 da Lei 54/97, do 27 de novembro, do sector eléctrico, serán financiadas nun 50 por cento con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Para estes efectos, os extracustos

correspondentes a cada ano serán incorporados na lei de orzamentos xerais do ano posterior nos termos fixados nesta.

As compensacións orzamentarias non terán a consideración de custos do sistema eléctrico. Regulamentariamente, coa participación da Intervención Xeral da Administración do Estado, determinarase un mecanismo de control e recoñecemento das compensacións orzamentarias, así como o seu procedemento de liquidación.

En todo caso, o fondo de liquidacións do sistema eléctrico xestionado polo órgano encargado da liquidación actuará como mecanismo de financiamento subsidiario, e terá, só para estes efectos, a natureza de custos do sistema eléctrico.

**Disposición adicional quinta.** *Referencias á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

As referencias incluídas no presente real decreto lei á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia entenderanse feitas á Comisión Nacional de Enerxía ata a posta en funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

**Disposición transitoria primeira.** *Caracterización e repartición do custo do bono social.*

1. Antes do 1 de xullo de 2014 procederase á revisión da caracterización do bono social. Ata que esta revisión teña lugar, a dita caracterización será a establecida na disposición transitoria segunda do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social; na Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se determina o procedemento de posta en marcha do bono social, e nas disposicións adicionais cuarta e quinta da Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial.

2. Para efectos da aplicación inmediata do disposto no artigo 8 do presente real decreto lei, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia enviará, con data non posterior ao 15 de setembro de 2013, unha proposta de fixación das porcentaxes de financiamento a que se refire o citado artigo ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para a súa aprobación por orde, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado». Ata a aprobación da citada orde, o custo do bono social será cuberto con cargo ao sistema, conforme o disposto na Orde IET/843/2012, do 25 de abril.

A referida comisión utilizará a información relativa ás medias anuais do número de fornecementos conectados ás redes de distribución das empresas distribuidoras e do número de clientes das empresas comercializadoras correspondente ao último ano móbil dispoñible, e publicará na súa páxina web a dita información así como a relación de grupos de sociedades ou, se for o caso, sociedades, que cumpran o requisito previsto no dito artigo 8.

**Disposición transitoria segunda.** *Liquidación á conta de retribución durante o segundo período retributivo de 2013 para as actividades de transporte e distribución.*

Ata a aprobación das retribucións do segundo período regulatorio de 2013 a que se fai referencia nos artigos 4.1 e 5.1, as cantidades devindicadas á conta que se deberán considerar provisionalmente nas liquidacións das retribucións do segundo período serán, para cada unha das empresas de distribución e transporte, a parte proporcional da retribución que figure na proposta de retribución a que se fai referencia no segundo parágrafo do sinalado artigo 4.1 e no segundo parágrafo do sinalado artigo 5.1.

Unha vez aprobadas as ordes ministeriais correspondentes, liquidaranse as obrigacións de pagamento ou, se for o caso, os dereitos de cobramento que resulten da súa aplicación con cargo á seguinte liquidación que realice o organismo encargado delas con posterioridade á data en que se aproben as ditas ordes. Estas cantidades terán a

consideración de ingreso ou custo liquidable do sistema para os efectos previstos no procedemento de liquidación dos custos do sistema eléctrico.

**Disposición transitoria terceira.** *Aplicación transitoria do artigo 4 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social; do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, e do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía.*

1. Non obstante o establecido na disposición derogatoria única.2, o previsto no artigo 4 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social; no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, e no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía, aplicarase con carácter transitorio ata a aprobación das disposicións necesarias para a plena aplicación do real decreto a que fai referencia a disposición derradeira segunda do presente real decreto lei, coa excepción do artigo 28 e da porcentaxe de bonificación por cumprimento no rango do factor de potencia entre 0,995 indutivo e 0,995 capacitivo recollido no anexo V do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

2. O organismo encargado da liquidación aboará, con carácter de pagamento á conta, os conceptos liquidables devindicados polas instalacións de réxime especial, e aquelas de réxime ordinario con réxime retributivo primado ao abeiro de Real decreto 661/2007, do 25 de maio, en aplicación do previsto nos referidos reais decretos.

Os dereitos de cobramento ou obrigacións de pagamento resultantes da aplicación da metodoloxía que se estableza en virtude do previsto na disposición derradeira segunda, á enerxía producida desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a entrada en vigor das disposicións necesarias para a plena aplicación do novo réxime retributivo, serán liquidados polo organismo encargado destas nas seis liquidacións posteriores á entrada en vigor das ditas disposicións. Estas liquidacións corresponderán, en todo caso, ao mesmo exercicio e as cantidades terán a consideración de custo ou ingreso liquidable do sistema, segundo proceda, para os efectos previstos no procedemento de liquidación dos custos do sistema eléctrico.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

2. Quedan derogados expresamente:

a) O Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

b) O Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía.

c) O artigo 4, a disposición adicional primeira e o número 2 da disposición transitoria quinta do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

O presente real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime enerxético e mineiro, respectivamente.

Non obstante o anterior, a disposición derradeira quinta dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

**Disposición derradeira segunda.** *Novo réxime xurídico e económico da actividade de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con réxime económico primado.*

O Goberno, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, aprobará un real decreto de regulación do réxime xurídico e económico para as instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con retribución primada que modificará o modelo retributivo das instalacións existentes.

Este novo modelo axustarase aos criterios previstos no artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, introducidos polo presente real decreto lei, e será de aplicación desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Non obstante o anterior, o réxime retributivo específico que se estableza para as instalacións de tecnoloxía solar termoeléctrica adxudicatarias do réxime previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1565/2010, do 19 de novembro, polo que se regulan e modifican determinados aspectos relativos á actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, estará composto por un único termo á operación cuxo valor será o resultante da oferta económica para as que resulten adxudicatarias.

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación do Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro, polo que se establece a retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica para instalacións postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2008.*

O Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro, polo que se establece a retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica para instalacións postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2008, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 4.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. O valor recoñecido definitivo do investimento do elemento de inmovilizado (VII) de cada instalación autorizada, cando este resulte de aplicar os valores unitarios de referencia que o Goberno determine regulamentariamente, calcularase como a suma do valor real do investimento realizado, debidamente auditado, máis o 50 por cento da diferenza entre o resultante da aplicación dos valores unitarios que se determinen e o dito valor real. Este cálculo realizarase tanto se a diferenza é positiva como se é negativa. Ademais, en caso de resultar unha diferenza negativa deberase achegar unha auditoría técnica que xustifique que os custos en que se incorreu son superiores aos valores unitarios polas súas especiais características.

Os valores unitarios de referencia determinaranse de acordo cos valores medios representativos do custo das infraestruturas cuxo deseño técnico e condicións operativas se adapten aos estándares utilizados no sistema eléctrico.

Os valores unitarios de referencia calculados para o sistema peninsular serán únicos para todo o territorio español, sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte.

Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo estableceranse os valores unitarios de referencia para aquelas instalacións que teñan consideración de rede

de transporte nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares. Como consecuencia das singulares características derivadas da súa localización territorial, estes valores unitarios poderán ser diferentes para cada un dos sistemas ou subsistemas que se determinen para estes efectos, aínda que serán únicos en cada un destes subsistemas.

Para o cálculo dos valores de investimento reais descontaranse aqueles impostos indirectos en que a normativa fiscal vixente prevexa a súa exención ou devolución. Así mesmo, descontaranse as subvencións percibidas das administracións públicas e, se é o caso, as instalacións financiadas e cedidas por terceiros. No caso das subvencións provenientes de organismos da Unión Europea, descontarase o 90 por cento do importe percibido.

Na aprobación do proxecto de execución especificaranse os parámetros necesarios para o cálculo dos valores unitarios de referencia dos custos de investimento e dos custos de operación e mantemento.»

Dous. O último parágrafo do artigo 4.2 pasa a ter a seguinte redacción:

«A revisión dos valores unitarios efectuarase cada catro anos. Esta revisión realizarase de acordo cos valores medios representativos do custo das infraestruturas cuxo deseño técnico e condicións operativas se adapten aos estándares utilizados no sistema eléctrico nacional. Estes valores serán únicos para todo o territorio peninsular e para cada un dos sistemas ou subsistemas que se determinen para estes efectos.»

Tres. O artigo 6.5 pasa a ter a seguinte redacción:

«5. Unha vez coñecidos os valores definitivos de investimento real, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo establecerá a retribución definitiva que percibirá cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica. O organismo liquidador, na liquidación inmediatamente posterior á data da aprobación, liquidará as diferenzas entre as retribucións á conta e definitiva, desde a data en que se devindicaron.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Revisión de prezos das peaxes de acceso de enerxía eléctrica.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 9 do presente real decreto lei, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo aprobará, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, e no prazo máximo dun mes contado desde a entrada en vigor deste real decreto lei, unha revisión dos prezos dos termos de potencia e dos termos de enerxía activa das peaxes de acceso ás redes, definidos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na súa normativa de desenvolvemento.

**Disposición derradeira quinta.** *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

A Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 84, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 84. *Tipos impositivos.*

1. O imposto exíxirase de acordo coas seguintes epígrafes:

Epígrafe 1.1: carbón destinado a usos con fins profesionais sempre e cando non se utilice en procesos de coxeración e xeración directa ou indirecta de enerxía eléctrica: 0,15 euros por xigajoule.

Para os efectos do previsto nesta epígrafe considéranse carbón destinado a usos con fins profesionais os fornecementos de carbón efectuados para o seu consumo en plantas e instalacións industriais, con exclusión do que se utilice para producir enerxía térmica útil cuxo aproveitamento final se produza en establecementos ou locais que non teñan a condición de plantas ou instalacións industriais. Así mesmo, terá a consideración de carbón destinado a usos con fins profesionais o carbón utilizado en cultivos agrícolas.

Epígrafe 1.2: carbón destinado a outros usos: 0,65 euros por xigajoule.

2. Nos fornecementos de carbón destinado a ser utilizado nunha planta de coxeración de enerxía eléctrica e enerxía térmica útil, suxeita ao requisito de acreditación do cumprimento do rendemento eléctrico equivalente a que se refire a normativa de desenvolvemento da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, aplicaranse os tipos impositivos regulados nas epígrafes 1.1 e 1.2 do número 1 deste artigo en función da porcentaxe de carbón que corresponda imputar á produción de electricidade medida en bornes de alternador e á enerxía térmica útil, conforme o procedemento que se estableza regulamentariamente.»

Dous. Engádesse un parágrafo ao número 1 do artigo 85, que queda redactado da seguinte forma:

«Nos fornecementos de carbón efectuados nos termos do artigo 84.2 da lei, os suxeitos pasivos que repercutisen o importe das cotas devindicadas en función dunha porcentaxe provisional comunicada polos titulares de centrais de coxeración de electricidade e enerxía térmica útil deberán regularizar o importe das cotas repercutidas conforme a porcentaxe definitiva de destino do carbón, unha vez coñecida, mediante o procedemento que se estableza regulamentariamente.»

Tres. Modifícase o artigo 87, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 87. *Infraccións e sancións.*

1. Nos fornecementos de carbón realizados con aplicación do tipo impositivo establecido na epígrafe 1.1 do artigo 84, constitúe infracción tributaria grave comunicar datos falsos ou inexactos aos suxeitos pasivos, cando disto derive a repercusión de cotas inferiores ás procedentes.

A base da sanción será a diferenza entre as cotas que deberan ter repercutido e as efectivamente repercutidas.

A sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 50 por cento.

2. O resto de infraccións tributarias neste imposto cualificaranse e sancionaranse conforme o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

**Disposición derradeira sexta.** *Modificación da Lei 3/2013, do 3 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

Engádesse un número 3 na disposición adicional oitava da Lei 3/2013, do 3 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, coa seguinte redacción:

«3. No sector eléctrico e de hidrocarburos: coñecer a toma de participacións no sector enerxético.»

**Disposición derradeira sétima.** *Non incremento de gasto.*

A creación dos rexistros establecidos no presente real decreto lei non supoñerá incremento do gasto público e os gastos derivados do seu funcionamento imputaranse ao orzamento de gasto do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a que se adscriben.



**Disposición derradeira oitava.** *Modificación de disposicións regulamentarias.*

1. As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este real decreto lei poderán ser modificadas por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

2. Así mesmo, habilitase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para modificar e desenvolver o contido dos artigos 4, 5 e 7 e dos anexos deste real decreto lei.

**Disposición derradeira novena.** *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse o Goberno e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

En particular, autorízase o Goberno para modificar a indexación da retribución das diferentes actividades reguladas do sector eléctrico.

**Disposición derradeira décima.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO I

**Metodoloxía de cálculo da retribución da actividade de distribución durante o segundo período do ano 2013**

1. A retribución do segundo período do ano 2013 correspondente á empresa distribuidora *i* calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$R_{2p-2013}^i = RI_{2p-2013}^i + ROM \& OCD_{2p-2013}^i + Q_{2013}^i + P_{2013}^i, \text{ onde:}$$

$R_{2p-2013}^i$  é a retribución recoñecida polo exercicio da actividade de distribución á empresa distribuidora *i* no segundo período do ano 2013, asociada aos activos en servizo no ano 2011.

$RI_{2p-2013}^i$  é a retribución por investimento recoñecida á empresa distribuidora *i* no segundo período do ano 2013, asociada aos activos en servizo no ano 2011.

$ROM \& OCD_{2p-2013}^i$  é a retribución por operación, mantemento e outros custos de distribución recoñecida á empresa distribuidora *i* no segundo período de 2013 asociada aos activos en servizo no ano 2011.

$Q_{2013}^i$  é o incentivo ou penalización á calidade do servizo repercutido á empresa distribuidora *i* con máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes no ano 2013 asociado aos valores obtidos durante o ano 2011.

$P_{2013}^i$  é o incentivo ou penalización pola redución de perdas repercutido á empresa distribuidora *i* con máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes no ano 2013 asociado aos valores obtidos durante o ano 2011.

2. A retribución por investimento recoñecida á empresa distribuidora *i* no segundo período do ano 2013 calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$RI_{2p-2013}^i = \left( \frac{IBR_{2013}^i}{VU^i} + INR_{2013}^i \cdot TRF \right) \cdot \omega_{2p-2013}$$

; onde o primeiro termo é a amortización lineal do activo e o segundo é un termo de retribución financeira do valor neto dos activos e pola súa vez ambos están afectados por un parámetro para limitar os seus efectos ao segundo período regulatorio de 2013.

Na expresión anterior:

$\omega_{2p-2013}$  : parámetro que expresa o cociente entre o número de días desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin do ano 2013 e o número total de días dese ano.

$VU^i$  : vida útil regulatoria media das instalacións da empresa distribuidora *i*.

TRF é a taxa de retribución financeira do segundo período retributivo de 2013 que se definiu no artigo 6.2 do presente real decreto lei.

$IBR_{2013}^i$  é o inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no ano 2013, e polo tanto descontado o valor de instalacións financiadas e cedidas por terceiros, da empresa distribuidora i asociado ás instalacións que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron nese ano a súa vida útil regulatoria.

$INR_{2013}^i$  é o inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no ano 2013 da empresa distribuidora i asociado ás instalacións que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron nese ano a súa vida útil regulatoria.

3. Para o cálculo do inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico da empresa distribuidora i asociado ás instalacións en servizo no ano 2011 e que non superaron a vida útil nese ano  $IBR_{2013}^i$  empregárase a seguinte formulación:

Este termo calcularase por aplicación da seguinte expresión:

$$IBR_{2013}^i = \frac{R_{2013}^i \cdot (1 - \alpha^i) \cdot VU^i}{1 + (VR^i \cdot TR)} \text{ en que}$$

$R_{2013}^i$  é a retribución á actividade de distribución recoñecida á empresa distribuidora de enerxía eléctrica i sen incentivos de calidade e redución de perdas debida aos activos postos en servizo ata o ano 2011. Esta retribución corresponderase coa que figura para cada empresa na Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro.

$\alpha^i$  é un coeficiente que reflicte para cada unha das empresas de distribución que cantidade en base un de retribución se destina a retribuír os custos de operación e mantemento e outros custos de distribución incorridos polas empresas, excepción feita dos custos de natureza comercial. O valor deste parámetro obtérase tomando como base a información regulatoria de custos.

$VR^i$  é a vida residual das instalacións da empresa distribuidora i.

TR: taxa de retribución calculada de acordo co artigo 7 do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, con base na metodoloxía establecida pola Comisión Nacional de Enerxía no ano de 2008 tomando os datos en 31 de decembro de 2011.

Unha vez calculado o termo de inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no ano 2013,  $IBR_{2013}^i$ , o inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico do ano 2013,  $INR_{2013}^i$ , calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$INR_{2013}^i = IBR_{2013}^i \cdot \frac{VR^i}{VU^i}$$

4. A retribución por operación, mantemento e outros custos de distribución recoñecida á empresa distribuidora i no segundo período de 2013 do período regulatorio asociada aos activos en servizo no ano 2011 calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$ROM \ \& \ OCD_{2p-2013}^i = \alpha^i \cdot R_{2013}^i \cdot \varphi_{O\&M} \cdot \omega_{2p-2013}, \text{ onde:}$$

$R_{2013}^i$ ,  $\omega_{2p-2013}$  e  $\alpha^i$  son os termos sinalados anteriormente.

$\varphi_{O\&M}$  : factor de eficiencia da operación e mantemento. Co fin de impulsar a eficiencia na xestión da operación e mantemento e como consecuencia do carácter de monopolio natural da actividade, introdúcese un factor de eficiencia que afectará a retribución por operación e mantemento. Este factor de eficiencia na operación e mantemento tomará un valor de 0,97.

5. O cálculo do incentivo á mellora da calidade e do incentivo á redución de perdas realizarase de acordo coa Orde ITC/3801/2008, do 26 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2009 e coa Orde ITC/2524/2009, do 8 de setembro, pola que se regula o método de cálculo do incentivo ou penalización para a redución de perdas que se aplicará á retribución da distribución para cada unha das empresas distribuidoras de enerxía eléctrica.

## ANEXO II

**Metodoloxía de cálculo da retribución da actividade de distribución a partir de 2014**

1. A retribución anual da actividade de distribución recoñecida ao distribuidor  $i$  a partir do ano 2014 determinarase mediante as seguintes fórmulas:

$$R_n^i = RI_n^i + ROM \& OCD_n^i + Q_n^i + P_n^i, \text{ onde:}$$

$RI_n^i$  é a retribución por investimento recoñecida á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n$  asociada aos activos en servizo no ano  $n-2$ .

$ROM \& OCD_n^i$ : é a retribución por operación, mantemento e outros custos de distribución recoñecida á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n$  asociada aos activos en servizo no ano  $n-2$ .

$Q_n^i$  é o incentivo ou penalización á calidade do servizo repercutido á empresa distribuidora  $i$  con máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes no ano  $n$  asociado aos valores obtidos durante o ano  $n-2$ .

$P_n^i$  é o incentivo ou penalización pola redución de perdas repercutido á empresa distribuidora  $i$  con máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes no ano  $n$  asociado aos valores obtidos durante o ano  $n-2$ .

2. A retribución por investimento recoñecida á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n$  asociada aos activos en servizo no ano  $n-2$  calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$RI_n^i = \frac{IBR_n^i}{VU^i} + INR_n^i \cdot TRF, \text{ onde o primeiro termo é a amortización lineal do activo e o segundo}$$

é un termo de retribución financeira do valor neto dos activos.

TRF é a taxa de retribución financeira do segundo período retributivo de 2013 que se definiu no artigo 6.3.

Para o cálculo dos termos anteriores, calcularase  $IBR_n^i$  de acordo coa seguinte formulación:

$$IBR_n^i = IBR_{n-1}^i + \gamma^i \cdot \delta_{n-2}^i \cdot \Delta INV_{n-2}^i - IB\_Tot\_Amort_{n-3}^i, \text{ onde}$$

$IBR_n^i$  é o inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no ano  $n$  da empresa distribuidora  $i$ .

$IBR_{n-1}^i$  é o inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no ano  $n-1$  da empresa distribuidora  $i$ .

$IB\_Tot\_Amort_{n-3}^i$  é o valor da amortización regulatoria correspondente aos activos totalmente amortizados durante o transcurso do ano  $n-3$  ese ano e que, por tanto, superou a súa vida útil regulatoria durante o dito ano.

$\Delta INV_{n-2}^i$  é o volume total de investimento auditado da empresa distribuidora  $i$  no ano  $n-2$ .

$\gamma^i$  é o coeficiente de eficiencia do investimento para a empresa distribuidora  $i$  asociado á eficiencia investidora da empresa distribuidora.

$\delta_{n-2}^i$  é un coeficiente en base un que reflicte para a empresa de distribución  $i$  o complemento a un do volume de instalacións postas en servizo no ano  $n-2$  foron financiadas e cedidas por terceiros.

Para o cálculo da retribución financeira,  $INR_n^i$  é o valor do inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico recoñecido á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n$  e que, por tanto, recolle o valor neto retributivo do seu inmovilizado no ano  $n-2$ . Este valor calcularase tomando:

$$INR_n^i = INR_{n-1}^i + \gamma^i \cdot \delta_{n-2}^i \cdot \Delta INV_{n-2}^i - Amort_{n-3}^i ; \text{ onde}$$

$INR_n^i$  é o valor do inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico recoñecido á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n$

$INR_{n-1}^i$  é o valor do inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico recoñecido á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n-1$ .

$Amort_{n-3}^i$  é o valor da amortización regulatoria do ano  $n-3$  correspondente a todos os activos en servizo o dito ano  $n-3$ . Este valor correspóndese coa retribución percibida en concepto de retribución por amortización o ano  $n-1$ .

$\gamma^i$  y  $\delta_{n-2}^i$  son os parámetros sinalados anteriormente.

3. A retribución por operación, mantemento e outros custos de distribución recoñecida á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n$  asociada aos activos en servizo no ano  $n-2$  calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$ROM \& OCD_n^i = ROM \& OCD_{n-1}^i \cdot (1 + IAOM \& OCD_{n-2}) + \lambda_{n-2}^i \cdot \Delta INV_{n-2}^i$$

$ROM \& OCD_{n-1}^i$ : é a retribución por operación, mantemento e outros custos de distribución recoñecida á empresa distribuidora  $i$  no ano  $n-1$ .

$\lambda_{n-2}^i$  é un coeficiente que reflicte para a empresa distribuidora  $i$  qué cantidade en base un representa a retribución por operación, mantemento e outros custos de distribución sobre o volume de investimento levado a cabo no ano  $n-2$ . No cálculo deste coeficiente deberase ter en conta qué parte dos investimentos realizados se destinan a renovación. Así mesmo, este coeficiente internalizará o factor de eficiencia da operación e mantemento sinalado no anexo I.

$IAOM \& OCD_{n-2}$  é o índice de actualización da retribución por operación, mantemento e outros custos do ano n-2. Este índice calcularase como:

$$IAOM \& OCD_{n-2} = 0,2 \cdot \left( \frac{IPC_{n-2} - 0,8}{100} \right) + 0,8 \cdot \left( \frac{IPRI_{n-2} - 0,4}{100} \right), \text{ onde:}$$

$IPC_{n-2}$ , é o menor valor da variación do índice de prezos de consumo a impostos constantes sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos do ano n-2.

$IPRI_{n-2}$ , é o menor valor da variación do índice de prezos industriais de bens de equipo do ano n-2.

4. O cálculo dos incentivos de mellora da calidade e da redución de perdas realizarase de acordo coa Orde ITC/3801/2008, do 26 de decembro, e coa Orde ITC/2524/2009, do 8 de setembro.

## ANEXO III

**Metodoloxía de cálculo da retribución da actividade de transporte durante o segundo período do ano 2013**

1. A retribución do segundo período do ano 2013 correspondente á empresa titular de instalacións de transporte i calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$R_{2p-2013}^i = R_{2p-2013, \text{pre-1998}}^i + R_{2p-2013, 1998-2007}^i + R_{2p-2013, 2008-2011}^i + ID_{2013}^i, \text{ onde:}$$

$R_{2p-2013}^i$  é a retribución recoñecida á empresa i no segundo período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata fin de ano 2013, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións en servizo no ano 2011.

$R_{2p-2013, \text{pre-1998}}^i$  é a retribución recoñecida á empresa i no segundo período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin do ano 2013, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$R_{2p-2013, 1998-2007}^i$  é a retribución recoñecida á empresa i no segundo período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin do ano 2013, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$R_{2p-2013, 2008-2011}^i$  é a retribución recoñecida á empresa i no segundo período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin do ano 2013, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$ID_{2013}^i$  : incentivo de dispoñibilidade da empresa transportista i que se percibirá no ano 2013 asociado ao grao de dispoñibilidade ofrecido polas súas instalacións de transporte no ano 2011.

2. Para a determinación da retribución que percibirá cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte polas instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 aplicarase a seguinte formulación:

$$R_{2p-2013, \text{pre-1998}}^i = RI_{2p-2013, \text{pre-1998}}^i + ROM_{2p-2013, \text{pre-1998}}^i, \text{ onde:}$$

$RI_{2p-2013, \text{pre-1998}}^i$  é a retribución ao investimento recoñecida á empresa i no segundo período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin de ano, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.



$ROM_{2p-2013}^i$  pre-1998 é a retribución por operación e mantemento recoñecida á empresa  $i$  no segundo período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin de ano, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

2.a) Para o cálculo de  $RI_{2p-2013}^i$  pre-1998 aplicarase a seguinte expresión:

$$RI_{2p-2013}^i = \left( \frac{IBR_{2013}^i}{VU^i} + INR_{2013}^i \cdot TRF \right) \cdot \omega_{2p-2013}$$

Na expresión anterior:

$\omega_{2p-2013}$  : parámetro que expresa o cociente entre o número de días desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin do ano 2013 e o número total de días dese ano.

$VU^i$  vida útil regulatoria media das instalacións da empresa transportista  $i$ .

TRF é a taxa de retribución financeira do segundo período retributivo de 2013 que se definiu no artigo 6.2 do presente real decreto lei.

$IBR_{2013}^i$  pre-1998 é o inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no ano 2013, e por tanto descontado o valor de instalacións financiadas e cedidas por terceiros, da empresa transportista  $i$  asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron nese ano a súa vida útil regulatoria.

Para o cálculo do inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico en 2013 da empresa titular de instalacións de transporte  $i$  asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron a vida útil no dito ano  $IBR_{2013}^i$  pre-1998 empregárase a seguinte formulación:

$$IBR_{2013}^i = \frac{R_{2013}^i \cdot \alpha_{pre-1998}^i \cdot VU^i}{1 + (VR_{pre-1998}^i \cdot TRH_{pre-1998}^i)} \quad \text{onde:}$$

$R_{2013}^i$  pre-1998 é a parte da retribución que figura na Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, da empresa transportista  $i$  asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$\alpha_{pre-1998}^i$  é un coeficiente que reflicte para cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte e respecto á retribución vinculada ás instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2011 que cantidade en base un da retribución se destina a retribuír o investimento.

$VR_{pre-1998}^i$  é a vida residual media en 31 de decembro de 2011 das instalacións da empresa  $i$  postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$TRH_{pre-1998}$ : taxa de retribución histórica aplicada para o cálculo do inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico das instalacións postas en servizo no ano con anterioridade ao ano 1998. Este parámetro tomará o mesmo valor que se tomou como taxa de retribución para as instalacións postas en servizo no ano 1998 de acordo coa metodoloxía establecida polo Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro.

$INR_{pre-1998}^{i, 2013}$  é o inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico da empresa transportista  $i$  no ano 2013, e por tanto descontado o valor de instalacións financiadas e cedidas por terceiros, da empresa transportista  $i$  asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron no dito ano a súa vida útil regulatoria. Unha vez calculado o termo de inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico,  $IBR_{pre-1998}^{i, 2013}$ , o inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico de 2013,  $INR_{pre-1998}^{i, 2013}$ , calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$INR_{pre-1998}^{i, 2013} = IBR_{pre-1998}^{i, 2013} \cdot \frac{VR_{pre-1998}^i}{VU^i}$$

2. b) Para o cálculo da retribución da operación e mantemento percibido por cada empresa transportista  $i$  no ano 2013 debido ás instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron nese ano a súa vida útil regulatoria empregárase a seguinte expresión:

$$ROM_{pre-1998}^{i, 2013} = (1 - \alpha_{pre-1998}^i) \cdot R_{pre-1998}^{i, 2013} \cdot \varphi_{O\&M} \cdot \omega_{2p-2013}, \text{ onde:}$$

$R_{pre-1998}^{i, 2013}$ ,  $\omega_{2p-2013}$  e  $\alpha_{pre-1998}^i$  son os termos sinalados anteriormente.

$\varphi_{O\&M}$  factor de eficiencia da operación e mantemento. Co fin de impulsar a eficiencia na xestión da operación e mantemento, e como consecuencia do carácter de monopolio natural da actividade, introdúcese un factor de eficiencia que afectará a retribución por operación e mantemento. Este factor de eficiencia na operación e mantemento tomará un valor de 0,97.

3. Para a determinación da retribución que percibirá cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte polas instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011 aplicarase a seguinte formulación:

$$R_{1998-2007}^{i, 2p-2013} = RI_{1998-2007}^{i, 2p-2013} + ROM_{1998-2007}^{i, 2p-2013}, \text{ onde}$$

$RI_{1998-2007}^{i, 2p-2013}$  é a retribución ao investimento recoñecida á empresa  $i$  no segundo período do ano

2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin de ano, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$ROM_{1998-2007}^{i, 2p-2013}$  é a retribución por operación e mantemento recoñecida á empresa  $i$  no segundo

período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin de ano, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

- 3.a) Para o cálculo de  $RI_{1998-2007}^{i, 2p-2013}$  aplicarase a seguinte expresión:

$$RI_{1998-2007}^{i, 2p-2013} = \left( \frac{IBR_{1998-2007}^{i, 2013}}{VU^i} + INR_{1998-2007}^{i, 2013} \cdot TRF \right) \cdot \omega_{2p-2013}$$

Na expresión anterior:

$\omega_{2p-2013}$ ;  $VU^i$  e  $TRF$  son os termos definidos anteriormente.

$IBR_{1998-2007}^{i, 2013}$  é o inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no

ano 2013, e por tanto descontado o valor de instalacións financiadas e cedidas por terceiros, da empresa transportista  $i$  asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron nese ano a súa vida útil regulatoria.

Para o cálculo do inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico en 2013 da empresa titular de instalacións de transporte i asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron a vida útil nese ano empregárase a seguinte formulación:

$$IBR_{1998-2007}^{i, 2013} = \frac{R_{1998-2007}^{i, 2013} \cdot \alpha_{1998-2007}^i \cdot VU^i}{1 + (VR_{1998-2007}^i \cdot TRH_{1998-2007})}, \text{ onde}$$

$R_{1998-2007}^{i, 2013}$  é a parte da retribución que figura na Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, da empresa transportista i asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron a vida útil nese ano.

$\alpha_{1998-2007}^i$  é un coeficiente que reflicte para cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte e respecto á retribución vinculada ás instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011 qué cantidade en base un de retribución se destina a retribuír o investimento.

$VR_{1998-2007}^i$  é a vida residual media en 31 de decembro de 2011 das instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$TRH_{1998-2007}$ : taxa de retribución histórica aplicada para o cálculo do inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico das instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007. Este parámetro tomará o valor medio que tomaron as taxas de retribución para as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 por aplicación da metodoloxía establecida polo Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro.

$INR_{1998-2007}^{i, 2013}$  é o inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico da empresa transportista i no ano 2013, e por tanto descontado o valor de instalacións financiadas e cedidas por terceiros, da empresa transportista i asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron no dito ano a súa vida útil regulatoria. Unha vez calculado o termo de inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico,  $IBR_{1998-2007}^{i, 2013}$ , o inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico de 2013,  $INR_{1998-2007}^{i, 2013}$ , calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$INR_{1998-2007}^{i, 2013} = IBR_{1998-2007}^{i, 2013} \cdot \frac{VR_{1998-2007}^i}{VU^i}$$

3. b) Para o cálculo da retribución da operación e mantemento que percibirá cada empresa transportista  $i$  no ano 2013 debido ás instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron no dito ano a súa vida útil regulatoria empregárase a seguinte expresión:

$$ROM_{1998-2007}^i = (1 - \alpha_{1998-2007}^i) \cdot R_{1998-2007}^i \cdot \varphi_{O\&M} \cdot \omega_{2p-2013}; \text{ onde:}$$

$$R_{1998-2007}^i, \omega_{2p-2013}, \alpha_{1998-2007}^i \text{ e } \varphi_{O\&M} \text{ son os termos sinalados anteriormente.}$$

4. Para a determinación da retribución que percibirá cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte polas instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011 aplicarase a seguinte formulación:

$$R_{2008-2011}^i = RI_{2008-2011}^i + ROM_{2008-2011}^i, \text{ onde:}$$

$RI_{2008-2011}^i$  é a retribución ao investimento recoñecido á empresa  $i$  no segundo período do ano

2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin de ano, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$ROM_{2008-2011}^i$  é a retribución por operación e mantemento recoñecida á empresa  $i$  no segundo

período do ano 2013, que transcorre desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a fin de ano, polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

4.a) Para o cálculo de  $RI_{2008-2011}^i$  aplicarase a seguinte expresión:

$$RI_{2008-2011}^i = \left( \frac{IBR_{2008-2011}^i}{VU^i} + INR_{2008-2011}^i \cdot TRF \right) \omega_{2p-2013}$$

Na expresión anterior:

$\omega_{2p-2013}$ ;  $VU^i$  e  $TRF$  son os termos definidos anteriormente.

$IBR_{2008-2011}^i$  é o inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no

ano 2013, e por tanto descontado o valor de instalacións financiadas e cedidas por terceiros, da empresa transportista  $i$  asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron nese ano a súa vida útil regulatoria.

Para o cálculo do inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico en 2013 da empresa titular de instalacións de transporte i asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron a vida útil nese ano empregárase a seguinte formulación:

$$IBR_{2008-2011}^{i, 2013} = \frac{R_{2008-2011}^{i, 2013} \cdot \alpha_{2008-2011}^i \cdot VU^i}{1 + (VR_{2008-2011}^i \cdot TRH_{2008-2011})} \cdot \left( \frac{1}{(1 + TA)^{(VU - VR_{2008-2011}^i)}} \right), \text{ onde}$$

$R_{2008-2011}^{i, 2013}$  é a parte da retribución que figura na Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, da empresa transportista i asociado a todas as instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron a vida útil nese ano.

$\alpha_{2008-2011}^i$  é un coeficiente que reflicte para cada unha das empresas titulares de instalacións de transporte e respecto á retribución vinculada ás instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011 qué cantidade en base un de retribución se destina a retribuír o investimento.

TA: taxa de actualización con valor constante de 2,5 por cento.

$TRH_{2008-2011}$ : taxa de retribución histórica aplicada para o cálculo do inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico das instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 e que aínda continúan en servizo durante o ano 2011. Este parámetro tomará o valor medio que tomaron as taxas de retribución para as instalacións postas en servizo no dito período por aplicación da metodoloxía establecida polo Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro.

$VR_{2008-2011}^i$  é a vida residual media en 31 de decembro de 2011 das instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

$INR_{2008-2011}^{i, 2013}$  é o inmovilizado neto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico da empresa transportista i no ano 2013, e por tanto descontado o valor de instalacións financiadas e cedidas por terceiros, da empresa transportista i asociado a todas as instalacións postas entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron no dito ano a súa vida útil regulatoria. Unha vez calculado o termo de inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico,  $IBR_{2008-2011}^{i, 2013}$ , o inmovilizado neto con **dereito a retribución a** cargo do sistema eléctrico de 2013,  $INR_{2008-2011}^{i, 2013}$ , calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$INR_{2008-2011}^{i, 2013} = IBR_{2008-2011}^{i, 2013} \cdot \frac{VR_{2008-2011}^i}{VU^i}$$

4. b) Para o cálculo da retribución da operación e mantemento percibido por cada empresa transportista  $i$  no ano 2013 debido ás instalacións postas en servizo entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 que se encontran en servizo no ano 2011 e que non superaron nese ano a súa vida útil regulatoria empregárase a seguinte expresión:

$$ROM_{2008-2011}^i = (1 - \alpha_{2008-2011}^i) \cdot R_{2008-2011}^i \cdot \varphi_{O\&M} \cdot \omega_{2p-2013}, \text{ onde}$$

$R_{2008-2011}^i$ ,  $\omega_{2p-2013}$ ,  $\alpha_{2008-2011}^i$  e  $\varphi_{O\&M}$  son os termos sinalados anteriormente.

## ANEXO IV

## Metodoloxía de cálculo da retribución da actividade de transporte a partir de 2014

1. A retribución anual da actividade de transporte recoñecida ao titular de instalacións de transporte  $i$  a partir do ano 2014 determinarase mediante as seguintes fórmulas:

$$R_n^i = R_{n, \text{pre-1998}}^i + R_{n, 1998-2007}^i + R_{n, 2008-2011}^i + \sum_{\forall j \text{ post-2011}} R_{j,n}^i + ID_n^i, \text{ onde}$$

$R_n^i$  é a retribución recoñecida á empresa  $i$  no ano  $n$  polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións en servizo no ano  $n-2$ .

$R_{n, \text{pre-1998}}^i$  é a retribución recoñecida á empresa  $i$  no ano  $n$  polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano  $n-2$ .

$R_{n, 1998-2007}^i$  é a retribución recoñecida á empresa  $i$  no ano  $n$  polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 2007 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano  $n-2$ .

$R_{n, 2008-2011}^i$ ; é a retribución recoñecida á empresa  $i$  no ano  $n$  polo exercicio da actividade de transporte asociado a todas as instalacións postas entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011 incluído e que aínda se encontran en servizo no ano  $n-2$ .

$ID_n^i$ : incentivo de dispoñibilidade da empresa transportista  $i$  que se percibirá no ano  $n$  asociado ao grao de dispoñibilidade ofrecido polas súas instalacións de transporte no ano  $n-2$ .

$\sum_{\forall j \text{ post-2011}} R_{j,n}^i$  é a retribución recoñecida á empresa  $i$  no ano  $n$ , asociado a todas as instalacións  $j$  postas en servizo con posterioridade ao ano 2011 e que aínda se encontran en servizo no ano  $n-2$ .

2. De acordo co Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, a devindicación da retribución producirase a partir do ano  $m+2$ , sendo  $m$  o da posta en servizo. A retribución devindicada por cada unha destas instalacións calcularase como:

$$R_{j,n}^i = RI_{j,n}^i + ROM_{j,n}^i, \text{ onde}$$

$RI_{j,n}^i$  é a retribución ao investimento que se percibirá pola instalación  $j$  da empresa  $i$  no ano  $n$  e que se calculará como:



$$R_{j,n}^i = \frac{VI_j}{VU_j} + (VI_j - (k-2) \cdot \frac{VI_j}{VU_j}) \cdot TRF ; \text{ onde}$$

$VU_j$ : vida útil regulatoria da instalación j expresada en anos.

k é o número de anos transcorridos desde a posta en servizo.

TRF é a taxa de retribución financeira definida no artigo 6.3

$VI_j$ : valor recoñecido do investimento da instalación j avaliado no ano da súa posta en servizo. Este valor calcularase como a suma do valor real do investimento realizado, debidamente auditado, máis o 50 % da diferenza entre o resultante da aplicación dos valores unitarios e o dito valor real:

$$VI_j = VI_{j,real} + \frac{1}{2}(VI_{j,valor\ unitarios} - VI_{j,real})$$

$ROM_{j,n}^i$  é a retribución en concepto de operación e mantemento que se percibirá pola instalación da rede de transporte j no ano n, como consecuencia de ter estado en servizo no ano n-2-. Este valor calcularase por aplicación dos valores unitarios de operación e mantemento a cada un dos activos en servizo.

3. Para o cálculo dos termos  $R_{n,pre-1998}^i$ ,  $R_{n,1998-2007}^i$  e  $R_{n,2008-2011}^i$  considerarase como se en cada un deles se contivese unha única instalación.

Para o cálculo da retribución por investimento aplicarase a metodoloxía sinalada no punto 2 do presente anexo, tomando como valor recoñecido do investimento o calculado no anexo III. Así mesmo, calcularase o número de anos transcorridos desde a posta en servizo en función da vida residual calculada no anexo III.

Para o cálculo da retribución por operación e mantemento, o ano n para o conxunto de instalacións postas en servizo en cada un dos períodos p anteriormente sinalados  $ROM_{n,períodoP}^i$  calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$ROM_{n,períodoP}^i = ROM_{n-1,períodoP}^i \cdot (1 + IAOM_{n-2});$$

Onde se calculará o índice de actualización como:

$$IAOM_{n-2} = 0,2 \cdot \left( \frac{IPC_{n-2} - 0,8}{100} \right) + 0,8 \cdot \left( \frac{IPRI_{n-2} - 0,4}{100} \right), \text{ onde}$$

$IPC_{n-2}$  é o menor valor da variación do índice de prezos de consumo a impostos constantes sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos do ano n-2.

$IPRI_{n-2}$  é o menor valor da variación do índice de prezos industriais de bens de equipo do ano n-2.

4. Empregaranse como valores unitarios de referencia para calcular o valor de investimento e de retribución por operación e mantemento para as instalacións de transporte peninsulares postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2012 os establecidos na Orde ITC/368/2011, do 21 de febreiro.

Os valores unitarios de referencia para calcular o valor de investimento e de retribución por operación e mantemento para as instalacións de transporte non peninsulares postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2012 serán os que se aproben para instalacións postas en servizo a partir de 2008.

Estes valores actualizaranse tanto para o investimento como para a operación e mantemento co índice  $IAOM_{n-2}$  sinalado no parágrafo anterior.